

Unha **DIVERSIDADE** *libre*

Informe 2023 do
Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia



Coordinación e autoría

Óscar Rodríguez Fernández
Pablo Zas Varela

Colaboración

Carlos Manuel Tilve Álvarez
Diego Fernández Fernández

Maquetaxe e deseño



DÁMASO ÁLVAREZ
ROTULACIÓN Y DISEÑO

Impresión



Subvencionado por



Co apoio de



A Coruña, abril de 2024





agradecementos

A realización deste informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia non sería posible sen o traballo e a participación do persoal voluntario deste servizo. Grazas a este equipo continuamos ano a ano mellorando a calidade do mesmo. Unha peza clave entre este grupo de persoas é o avogado, Mario Pozzo-Citro Comesaña, que ao longo do pasado ano dedicou de maneira altruísta un número importante de horas á defensa das vítimas da LGTBIfobia.

A colaboración con outras entidades LGTBI+ é chave na atención e rexistro dos incidentes de odio que acontecen na nosa comunidade. Durante o 2023 Arelas, Chrysallis, CODIMO, COGAM, KifKif e Nós Mesmas facilitaron o noso traballo e foron asociacións aliadas fronte ao odio. A maiores, tamén queremos resaltar as alianzas con outras organizacións como ACCEM, As Fémias, Boa Noite, CASCO, a Cocina Económica de A Coruña, Cruz Vermella, Médicos do Mundo, Oblatas de Ferrol, Refugees Welcome, Secretariado Xitano e SOS Racismo. A cooperación con estas entidades do Terceiro Sector complementan os servizos que ofertamos dende o Observatorio.

O Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia naceu no 2017 grazas ao financiamento do Concello da Coruña, única institución que segue apoiando orzamentariamente o funcionamento diario deste servizo, malia a que dende os seus comezos este Observatorio actúa en toda Galicia. Porén, ao longo do pasado ano leváronse a cabo colaboracións puntuais con outros concellos como os de Arteixo, Carballo, Narón, Ribeira, Oleiros, Outes e Padrón. Agardamos manter estas relacións e ampliar a listaxe de municipios que fomenten as políticas LGTBI máis aló do mes de xuño.

Os servizos públicos, e os sanitarios en particular, son elementos fundamentais na vida das persoas LGTBI+. Dende o Observatorio queremos agradecer o labor de varios servizos do Hospital Universitario da Coruña (HUAC), en concreto do equipo de Traballo Social, o de Medicina Preventiva e a unidade de enfermidades infecciosas do servizo de Medicina Interna. Xunto coa sanidade, a educación pública é un pilar fundamental do Estado do Benestar. A finais do 2023 a nosa entidade asinou un convenio coa Universidade da Coruña que busca visibilizar as realidades LGTBI+ entre a comunidade universitaria, fomentar a investigación en temas de diversidade ou incidir na importancia do coidado da saúde sexual.

Xunto co sector público, o tecido empresarial privado ten que ser un actor fundamental na integración das persoas LGTBI+ polo que este ano temos que agradecer a colaboración entre a nosa asociación e Repsol durante a parada da refinaría da Coruña e a Clece por comprometerse a impulsar as políticas LGTBI+ no marco dun convenio de colaboración. Cómpre lembrar ás empresas de máis de 50 persoas que dende o 1 de marzo están obrigadas pola lexislación a contar cun plan de diversidade. A un nivel máis local, non queremos deixar de agradecer as colaboracións co evento Atardecer Solidario, impulsado por un pequeno grupo de empresarios

LGTBI+ da nosa terra, ao Centro Comercial Marineda City, o Centro Comercial 4 Caminos, a mercería A Crisálida e ao *box* de *CrossFit* Ártabros. E, como, Sen Cultura non hai Orgullo! agradecemos ás librarías Galgo Azul, Ouse, O Fiandón, así como ao pub Claro Boba! por teren sempre abertas as súas portas para achegar á cidadanía a cultura LGTBI.

Finalmente, pero non menos importante, queremos agradecer a profesionalidade do equipo de participación cidadá da Policía Nacional, unha unidade aliada e indispensable para o noso Observatorio. Como fundamental é tamén o traballo en rede con outras entidades da Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais, Intersexuais e máis (FELGTBI+) e observatorios contra a LGTBIfobia de todo o Estado. Cada ano son máis as persoas que se achegan ao Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia, é por iso que non podemos deixar de agradecer toda confianza depositada no noso equipo así como as aportacións que contribuíron á continuidade deste servizo dirixido ao conxunto da cidadanía. Millóns de grazas!



ÍNDICE DE CONTIDOS

	Presentación.....	2
1	Introdución.....	4
	1.1 Xustificación do Observatorio.....	4
	1.2 Estrutura do informe.....	5
2	Memoria de actividades.....	6
3	Metodoloxía.....	8
	3.1 Xénero.....	8
	3.2 Idade.....	8
	3.3 Nacionalidade.....	8
	3.4 Orixe dos datos.....	8
	3.5 Temporalidade dos datos.....	9
	3.6 Perfil afectivo-xenérico das persoas usuarias.....	9
	3.7 Localización e distribución xeográfica.....	9
	3.8 Tipoloxía dos asesoramentos.....	10
	3.9 Tipoloxía dos incidentes de odio.....	10
	3.10 Eido do incidente.....	11
4	Análise dos datos.....	12
	4.1 Xénero das persoas atendidas.....	12
	4.2 Idade das persoas atendidas.....	13
	4.3 Nacionalidade das persoas atendidas.....	14
	4.4 Canle de contacto.....	16
	4.5 Distribución temporal de novos casos atendidos.....	17
	4.6 Perfil afectivo-xenérico das persoas atendidas.....	17
	4.7 Distribución xeográfica das atencións.....	19
	4.8 Tipoloxía dos asesoramentos.....	20
	4.9 A LGTBIfobia.....	21
5	Conclusións e recomendacións.....	24
6	Bibliografía.....	28

presentación

Como cada año desde 2018, la publicación del informe del Observatorio Coruñés contra la LGTBIfobia que realiza Alas Coruña nos ofrece el mejor análisis sobre la realidad de las personas LGTBI en nuestra ciudad y su entorno, nos emplaza a reflexionar sobre nuestras actitudes ante ellas y nos ayuda a diseñar las líneas de actuación de la administración municipal, la más cercana a la ciudadanía y, por tanto, la que debe mostrar una mayor sensibilidad ante quienes puedan sufrir cualquier tipo de discriminación.

Los datos de este sexto informe están en la línea de los de 2022. Por primera vez desde 2018, los asesoramientos más demandados son los de tipo sanitario. Un crecimiento que se debe, sin duda, al esfuerzo en información sobre salud sexual y prácticas de riesgo que se está realizando desde Alas y otras entidades de la ciudad.

En los 12 meses de análisis se registraron 48 incidentes de odio. Según recoge el Observatorio Coruñés y atendiendo a la tipología de los mismos, la violencia más frecuente a la que se enfrenta la comunidad LGTBI gallega son los insultos, que representa casi la mitad de los incidentes y las agresiones físicas y verbales, que se sitúan en el 30%.

Ante esta realidad, sólo cabe insistir en la necesidad de denunciar estas conductas y seguir trabajando para que la percepción social sobre las mismas sea la adecuada. No se trata de actitudes intolerantes, se trata de ataques a los principios fundamentales de la libertad y el respeto a la dignidad de las personas. Son delitos y como tales deben ser perseguidos por la justicia y las administraciones públicas y repudiados por toda la sociedad.

No podemos dejar de lado que los delitos de odio contra las personas LGTBI están directamente relacionados con los mensajes que llegan desde determinados sectores de la sociedad. Los discursos de odio, amplificadas por las redes sociales, contribuyen a la difusión de estereotipos y prejuicios, estigmatizan a la comunidad e incitan a la violencia. Para erradicarlos, la denuncia es vital y también el trabajo de sensibilización sobre su gravedad para que llegue a toda la sociedad. Resulta también clave el trabajo de educación en valores entre los más jóvenes, algo que realiza el Concello en los centros escolares de la ciudad con el apoyo de las entidades que defienden los derechos de las personas LGTBI.

Como administración pública, el Concello asume el compromiso que se recoge en la Ley para la Igualdad real y efectiva aprobada el pasado año: "Adoptar las medidas necesarias para poner en valor la diversidad en materia de orientación sexual, identidad sexual, expresión de género, características sexuales, diversidad familiar, contribuyendo a la visibilidad, la igualdad y la no discriminación y la participación en todos los ámbitos de la vida de las personas LGTBI". Una tarea en la que iremos, como siempre, de la mano de las entidades y con el respaldo de la ciudadanía de A Coruña, una ciudad abierta, diversa y libre para todas las personas.

Yoya Neira Fernández

Teniente de alcaldesa y concejala de Igualdad, Bienestar Social y Participación.



O Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia créase co obxectivo de rexistrar a violencia cara a comunidade LGTBI+ na nosa cidade e a súa comarca. Porén, coa publicación no 2018 do primeiro informe deste servizo de ALAS A Coruña, fíxose patente que a área de actuación do Observatorio abrangúa ao conxunto do territorio galego trala súa actuación nas catro provincias.

Ano a ano, o Observatorio traballa na mellora da recollida dos datos para ofrecer unha visión máis axustada da situación das persoas LGTBI+ en Galicia. Coa publicación deste informe, ALAS A Coruña fai un exercicio de transparencia sobre o uso que fixo dos fondos públicos, indispensables para o bo funcionamento deste servizo aberto a toda a cidadanía, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

Os datos recollidos e analizados neste informe, ao igual que nas pasadas edicións do mesmo, serán compartidos con diferentes institucións públicas (Ministerio do Interior, Valedora do Pobo, etc.) e servirán de base para outros estudos a nivel nacional e internacional, como o informe anual de ILGA Europa (ILGA-Europe, 2024).

Cómpre salientar que este informe foi elaborado conxuntamente por persoal técnico e voluntario de ALAS A Coruña. Un ano máis, queremos denunciar o infrafinanciamento ao que se enfrenta no día a día este servizo que, a pesares de ter un ámbito de actuación autonómico, unicamente recibe apoio económico do Concello da Coruña.

1.1 Xustificación do Observatorio

O Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia xurdiu no ano 2017 como resposta a varios casos de LGTBIfobia que chegaron en anos anteriores á asociación ALAS A Coruña. Seguindo o exemplo de comunidades como a madrileña e a catalá, onde xa existían observatorios coordinados por entidades LGTBI+, as persoas asociadas de ALAS decidiron poñer en marcha un proxecto similar na Coruña. Dende os seus comezos, este proxecto estivo apoiado polo Concello da Coruña, que detectou a necesidade dun servizo destas características.

Escoitar, asesorar, acompañar, denunciar, rexistrar e previr, son os eixos de acción do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia. Estas tarefas son levadas a cabo conxuntamente polo o persoal técnico e voluntario de ALAS A Coruña.

1.2 Estrutura do Informe

Ao longo do ano, o persoal técnico e voluntario do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia fixo unha análise precisa da situación da comunidade LGTBI+, empregando ferramentas cuantitativas e cualitativas.

O informe comeza cun breve resumo das actividades levadas a cabo polo Observatorio ao longo dos doce meses. Antes de entrar na análise minuciosa dos datos, explícase a metodoloxía empregada, tanto para a recollida como para a análise dos mesmos. Neste informe vese mellorada con respecto á da pasada edición coa introdución dunha nova gráfica onde se detalla a distribución xeográfica das agresións.



XANEIRO

- Participación no encontro anual de asociacións co departamento de Participación Cidadá da Policía Nacional.
- Colaboración coa asociación InGalicia dentro do proxecto europeo sobre delitos de odio, #EUQualizer

FEBREIRO

- Participación no obradoiro da Estratexia Estatal LGTBI 2023-2026 organizada polo Ministerio de Igualdade.
- Participación na mesa de traballo sobre violencias patriarcais dentro do I Foro de Identidades e Disidencias de Galicia organizado polo Consello da Cultura Galega.
- Xuntanza coa Valedora do Pobo.
- Relatorio sobre delitos de odio no VI Congreso Xurídico Internacional organizado por IN.XURGA, asociación de xuristas inclusivos.

MARZO

- Sesión de iniciación ao *Crossfit* en colaboración co *box* Ártabros *Crossfit* co gallo do Día internacional contra a LGTBIfobia no mundo do deporte.
- Inicio do proxecto sobre diversidade na refinaría da Coruña en colaboración con Repsol co gallo da parada desta instalación.
- Participación na mesa de traballo sobre a situación laboral do colectivo LGTBI+ en Galicia organizada pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.
- Participación no evento de peche do proxecto Coruña Suma. A innovación nas políticas activas de emprego.

ABRIL

- Sinatura do convenio de colaboración coa ONG, Refugees Welcome.
- Adhesión ao manifesto *Emergencia Vivienda. Por el derecho a una vivienda digna, adecuada y accesible*.
- Xuntanza coa Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) da UDC.
- Presentación do V Informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia.

MAIO

- Posto informativo na final autonómica de *roller derby*.
- Debate sobre políticas municipais LGTBI+ co gallo das eleccións locais.

XUÑO

- Sinatura do convenio de colaboración con Clece.
- Posto informativo no Centro Comercial 4 Caminos.
- Participación na presentación do informe resultado do I Foro de Identidades e Disidencias de Galicia organizado polo Consello da Cultura Galega.
- Encontro co delegado e a subdelegada do goberno e posterior izado da bandeira LGTBI+ na sede da delegación do goberno en Galicia.
- Posto informativo no Centro Comercial Marineda City.

XULLO

- Sinatura dun convenio de colaboración coa asociación *leather*, ILBS de cara ao encontro anual que realizan na Coruña.
- Adhesión ao manifesto familias de menores trans de España.
- Sinatura da carta de apoio aos dereitos da comunidade LGTBI+ de Guinea Ecuatorial.
- Participación na mesa de traballo sobre a situación laboral do colectivo LGTBI+ en Galicia organizada pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.
- Celebración da II vixilia en memoria de Samuel Luiz.

AGOSTO

- Asesoramento ao CIM de Arteixo para a elaboración dun protocolo fronte ás violencias machistas e LGTBIfóbicas no ocio nocturno.

SETEMBRO

- Visita de persoas usuarias e persoal da Fundación Érguete para coñecer o labor do Observatorio.
- Xuntanza coa deputada provincial de Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís, Soledad Agra na sede da Deputación da Coruña.
- Posto informativo na III Feira de Mocidade Voluntaria do Concello de Oleiros.
- Asistencia á formación sobre acceso á sanidade organizada por Médicos del Mundo.
- Posto informativo nas xornadas de benvinda ao novo alumnado da UDC.

OUTUBRO

- Participación no VI Foro de entidades e agrupacións sociais da Coruña.
- Sinatura do convenio de colaboración coa UDC.
- Xuntanza coa secretaria xeral de Igualdade, Sandra Vázquez.
- Organización das xornadas de activismo LGTBI+, DinamizALAS.

NOVEMBRO

- Participación como relatores na xornada formativa no eido laboral sobre diversidade LGTBI+ organizada pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.
- Posto informativo no campus de Oza da UDC.

DECEMBRO

- Posto informativo no Centro Comercial Marineda City.
- Asistencia á recepción de Nadal no Concello da Coruña.

Para o bo funcionamento dos seus servizos, o Observatorio conta cun equipo formado por catro persoas voluntarias que traballan de maneira conxunta co persoal técnico da asociación, composto por dúas persoas. Este equipo humano realiza de maneira regular formacións, tanto internas como externas, en materia de atención ás vítimas de delitos de odio.

Neste apartado abordaremos a forma e os métodos de recollida e análise dos datos deste informe.

3.1 Xénero

Emprégase esta clasificación e non a típica de sexo, habitual en moitos informes socio-demográficos xa que entendemos que reflicte mellor a realidade da comunidade LGTBI+, especialmente a do colectivo trans. Rexístranse as seguintes categorías:

- Masculino
- Feminino
- Non binario

Estes datos están recollidos no apartado 4.1 e fan referencia, exclusivamente, aos casos comunicados por persoas físicas, excluindo da análise os casos comunicados por entidades do Terceiro Sector, administracións públicas e medios de comunicación. Este mesmo criterio aplícase aos apartados 3.2, 3.3 e 3.6.

3.2 Idade

Agrúpanse ás persoas usuarias do servizo en rangos de idade de dez anos para facilitar a análise dos datos rexistrados.

Estes datos están recollidos no apartado 4.2.

3.3 Nacionalidade

Diferénciase entre persoas con nacionalidade española e estranxeira e, dentro deste último grupo, clasifícanse de acordo coa súa nacionalidade concreta.

Estes datos están recollidos no apartado 4.3.

3.4 Orixe dos datos

O contacto co Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia realízase a través de diferentes canles:

- **Teléfono:** chamadas recibidas ao móbil do observatorio, ás que se lle suman as do móbil de ALAS A Coruña.
- **Web:** formularios de contacto enviados ás webs do Observatorio e de ALAS A Coruña.
- **Redes sociais de ALAS A Coruña:** Facebook, X, Instagram, WhatsApp (vencellado ao móbil do Observatorio) e Telegram.
- **Aplicacións de contactos:** Grindr e Wapo.
- **Mails** do propio observatorio e de ALAS A Coruña.
- **Persoas asociadas** a ALAS A Coruña.
- **Entidades:** CODIMO, Chrysallis, KifKif, Nós Mesmas, Médicos del Mundo e FELGTBI+.

No gráfico recollido no apartado 4.4 terase en conta **únicamente a primeira toma de contacto das persoas**, entidades ou administracións públicas co Observatorio, xa que as posteriores poden darse por outras vías.

3.5 Temporalidade dos datos

A recollida dos datos que aparecen neste informe abrangue dende o 1 de xaneiro do 2023 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

No gráfico recollido no apartado 4.5 amósase o número de novos casos (persoas ou entidades) que se puxeron en contacto co Observatorio ao longo dos diferentes meses do ano.

3.6 Perfil afectivo-xenéxico das persoas usuarias

Para unha análise máis sinxela dos datos obtidos, este estudo non diferencia entre a orientación afectiva-sexual e a identidade sexo-xénero, empregando as seguintes categorías:

- Lesbiana
- Gai
- Trans
- Bisexual
- Heterosexual

Estes datos están recollidos no apartado 4.6.

3.7 Localización e distribución xeográfica

Para a análise dos datos diferéncianse seis zonas xeográficas:

- A cidade da Coruña.
- A comarca da Coruña, comprendida polos concellos de: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.
- Galicia.
- Resto do Estado.

Estas localizacións refírense unicamente ao lugar dende o que se **solicita o asesoramento** ou no que se **rexistra o suceso**, polo que non ten porqué coincidir coa nacionalidade da persoa atendida. Estes datos están recollidos no apartado 4.7 e 4.9.

3.8 Tipoloxía dos asesoramentos

Este informe define as atencións como cada un dos contactos que unha persoa usuaria ten co persoal do servizo. En cada atención, a persoa pode comunicar distintas problemáticas que requiran máis dun asesoramento coa fin de obter unha solución ou consello sobre a súa situación.

Independentemente de que un asesoramento se deba a unha solicitude do servizo ou a un incidente percibido como discriminatorio, cómpre recoller cal é a motivación desta solicitude. Cos datos recollidos obtense unha listaxe das causas, que abranguen as seguintes:

- Asesoramento laboral.
- Asesoramento legal.
- Asesoramento social.
- Asesoramento sanitario.
- Asesoramento educativo.

En consecuencia, **unha mesma atención pode requirir de varios asesoramentos** e todos eles deben ser contabilizados. Por iso, esta tipoloxía non é excluín-te. Estes datos están recollidos no apartado 4.8.

3.9 Tipoloxía dos incidentes de odio

A tipoloxía dos incidentes de odio fai referencia á forma na que se materializa a LGTBIfobia contra a vítima. Esta pode ser máis ou menos violenta, pero sempre supón un menoscabo dos dereitos da persoa que contacta co Observatorio. Deste xeito clasifícanse os incidentes en:

- Acoso.
- Agresión verbal.
- Agresión física e verbal.
- Agresión sexual
- Danos ao patrimonio.
- Denegación de servizos.

Cómpre destacar que sobre esta clasificación faise unha segunda de carácter cualitativo, onde se teñen en conta os incidentes violentos directamente contra as persoas. Así, cualificamos como agresións os incidentes de tipo verbal, físico e verbal, o acoso e as agresións sexuais.

Estes datos están recollidos no apartado 4.9.

3.10 Eido do incidente

No caso de que a atención estivese motivada por un comportamento percibido como discriminatorio, recóllese o eido no que este incidente de odio tivo lugar. As diferentes categorías observadas son:

- **Doméstico:** incidentes que tiveron lugar no núcleo de convivencia, sexa este o familiar ou non.
- **Educativo:** incidentes acontecidos en espazos de educación formal.
- **Laboral:** fai referencia aos incidentes vencellados ao lugar de traballo.
- **Lecer:** incidentes que aconteceron en espazos de hostalaría, deportivos e culturais.
- **Redes sociais:** todos os incidentes acontecidos nas diferentes plataformas dixitais.
- **Sanitario:** fai referencia aos incidentes que tiveron lugar en centros de atención primaria e hospitais.
- **Vía pública:** incidentes que aconteceron en rúas, prazas, estradas, etc. polas que transitan peóns ou automóbiles.
- **Administrativo:** fai referencia aos incidentes acontecidos en rexistros civís, xulgados, oficinas de emprego, etc.

Estes datos tamén están recollidos no apartado 4.9

4

ANÁLISE DOS DATOS

Finalizado o exercicio 2023, levouse a cabo unha análise cuantitativa e cualitativa dos datos recollidos da que se puideron extraer os seguintes resultados:

Os datos recollidos durante o ano 2023 abranguen un total de **352 atencións** vencelladas aos **227 casos** dos cales **220 foron comunicados por persoas físicas** e **7 por entidades** do Terceiro Sector e administracións públicas.

Estes números amosan, por segundo ano consecutivo, unha estabilización tanto nas atencións coma nos casos atendidos polo Observatorio Coruñés contra LGTBIfobia con respecto ás cifras do anterior informe (Rodríguez Fernández & Zas Varela, 2023).


4.1 Xénero das persoas atendidas

Nesta edición do informe as persoas que se identifican co xénero masculino representan o 54,54% do total fronte a un 39,09% das que o fan co feminino. Malia que o primeiro grupo segue a ser maioritario, coma na pasada edición, a diferenza entre ambos grupos viuse reducida. Por outra banda as persoas non binarias representan o 6,36% das persoas atendidas polo servizo, un notable aumento con respecto ao 2,87% que recollía o informe do 2022.



4.2 Idade das persoas atendidas

Un ano máis, a poboación que maior uso fai dos servizos do Observatorio sitúase nas franxas de idade de 20 a 40 anos. A idade da persoa máis nova atendida polo servizo foi de 14 anos fronte aos 12 do pasado informe. No tramo superior atopamos a unha persoa de 71 anos fronte aos 83 da anterior edición deste estudo. Situándose a mediana de idades nos 30 anos.




As persoas menores de 30 anos reclamaron principalmente servizos vencellados ao coidado da saúde sexual, como por exemplo as probas rápidas de VIH e Virus da Hepatite C (VHC), e, un ano máis, demandaron axuda psicolóxica por parte de profesionais da saúde mental que comprendan a realidade da comunidade LGTBI+.

Consolídase novamente o baixo número de persoas atendidas maiores de 60 anos, que, na súa maioría, solicitan axuda para a busca de vivenda e padecen soidade non desexada.

Informe tras informe, a recollida de datos realízase dun xeito sistemático e, nesta edición, tan só descoñecemos a idade dun 1,36% das persoas atendidas. Este dato reflicte a minuciosidade na recollida dos datos por parte do persoal do servizo. As múltiples formas de entrar en contacto co Observatorio facilitan o anonimato pero prexudican a recollida de certos datos de carácter persoal, como a idade.


4.3 Nacionalidade das persoas atendidas

As persoas de nacionalidade española son as que acudiron en maior medida ao Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia e supoñen o 66,4% do total das persoas atendidas.



Un ano máis, cómpre destacar a variedade de nacionalidades atendidas polo servizo, 22. Despois das de nacionalidade española, as persoas procedentes de Colombia e Venezuela son as que fixeron maior uso dos servizos do Observatorio. Xa a maior distancia figuran Brasil e Rusia. A situación de inestabilidade que está a vivir Venezuela dende hai anos e os niveis de violencia inasumible que está a sufrir a poboación LGTBI+ en Colombia (Palomino, 2021) explican, un ano máis, o alto número de persoas atendidas procedentes destes lugares. Dende a súa chegada ao poder a comezos do novo milenio, Putin comezou a legislar en contra dos dereitos da comunidade LGTBI+ (Vernon, 2023). A guerra na Ucraína foi empregada por este mandatario ruso para endurecer a situación do colectivo e limitar o asociacionismo LGTBI+. Do mesmo xeito, as políticas levadas a cabo contra a comunidade LGTBI+ durante anos polo expresidente Bolsonaro poden explicar a posición que ocupa Brasil nesta gráfica e que agardamos muden nos vindeiros anos.


Nacionalidades estranxeiras



Todos estes factores, xunto coa presenza dunha diáspora latinoamericana asentada durante anos en Galicia, poderían dar resposta a estes datos.


4.4 Canle de contacto

Esta gráfica fai referencia á canle de comunicación que empregan as persoas usuarias no seu primeiro contacto co Observatorio. Nesta edición do informe, e por primeira vez na súa historia, as chamadas ao teléfono do servizo ou da asociación representan máis do 50% do total. Xa a grande distancia, atopamos ás persoas que optan por acudir de xeito presencial á sede do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia para recibir o primeiro asesoramento por parte do persoal técnico (9,7%) , seguidas moi de preto polos casos que nos chegaron a través dos enderezos electrónicos ou dos formularios de contactos das webs, en ambos casos representan o 9,3% do total.



4.5 Distribución temporal de novos casos atendidos

Esta gráfica amosa o traballo realizado polo servizo ao longo do pasado 2023, tomando como punto de referencia a data do primeiro contacto co mesmo. A mediana mensual de novos casos atendidos polo Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia é de 19. Este dato supón un aumento dun punto e medio con respecto ao pasado informe. **Practicamente o servizo atende dous casos novos cada tres días.**



4.6 Perfil Afectivo-Xenérico das persoas atendidas


Unha edición máis, os homes gais continúan a ser o perfil de persoas usuarias que máis se achegan ao Observatorio e, por segundo ano consecutivo, son tamén as que precisan dun maior número de atencións, superando ás das persoas trans, que caen até a segunda posición no número de atencións e até a terceira no número de persoas atendidas por este servizo.

Malia que dende os seus inicios o Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia sempre se definiu como un servizo aberto ao conxunto da cidadanía, sen importar a orientación sexual ou a identidade de xénero de cada persoa, nunca tantas persoas heterosexuais fixeron uso do mesmo. O número de persoas con este perfil duplica aos do pasado informe, pasando de 26 a 52. No tocante ás atencións a este grupo, case duplica tamén as recollidas durante o 2022, pasando de 34 a 66.


O resto de perfís mantéñense en valores moi similares aos recollidos no pasado informe, agás as lesbianas que aumentan considerablemente o número de atencións recibidas, pasando de 15 a 25.

Finalmente, en ambas gráficas, para facilitar a lectura, obviáronse a dúas persoas e dúas atencións nas que non se coñecía o seu perfil afectivo-xenérico.


Perfil das persoas atendidas



Atencións segundo o perfil



4.7 Distribución xeográfica das atencións



Como se pode observar no gráfico, máis da metade das 352 atencións deste servizo tiveron como destinatarias persoas residentes na cidade da Coruña, o que representa o 61,08% do total das mesmas. Esta porcentaxe supón un aumento de 2,06 puntos con respecto aos datos do anterior informe. Por cuarto ano consecutivo a poboación da cidade da Coruña é quen máis se está a beneficiar dos servizos do Observatorio. Estes números pódense explicar polo feito de que a sede física do Observatorio se atopa nesta urbe.

As atencións na comarca da Coruña continúan coa tendencia ascendente dos últimos anos concentrando este 2023 o 8,52%. De toda a comarca, as principais beneficiarias foron as persoas residentes en Cambre e Arteixo seguidas das de Oleiros, Culleredo e Sada.

A nosa comunidade autónoma, excluindo a cidade da Coruña e a súa comarca, benefíciase do 28,69% do total das atencións. Un ano máis, cómpre destacar a asimetría entre as provincias atlánticas (A Coruña e Pontevedra) e as do leste de Galicia (Lugo e Ourense), onde as primeiras supoñen a práctica totalidade das atencións.

Xa de carácter máis anecdótico son os casos chegados dende outros puntos de España que se deben principalmente ao bo posicionamento web que ten a páxina da entidade e as redes sociais da mesma.


Finalmente, unha única atención das levadas a cabo polo Observatorio non puido ser localizada e non se computa no gráfico. Trátase dun asesoramento online, no que a persoas decidiu non aportar este dato.

4.8 Tipoloxía dos asesoramentos

Por primeira vez dende a publicación deste informe no 2018 os asesoramentos sociais non ocupan a primeira posición, senón que o fan os de **tipo sanitario**. Dende o Observatorio cremos que este cambio está relacionado coa forte aposta que se está a facer dende ALAS A Coruña por traballar en prol do coidado da saúde sexual a través da realización de probas rápidas de infeccións de transmisión sexual (ITS), tanto no local da asociación como na UDC, así como asesoramentos sobre a PrEP e a PEP ou tratamento integral do fenómeno do chemsex. A maiores, ALAS A Coruña, fixo durante o 2023 un importante esforzo comunicativo, a través de campañas en redes sociais e entrevistas en medios que están a ter o seu impacto.


Malia a preponderancia dos asesoramentos sanitarios, os de tipo social mantéñense en niveis elevados. O resto de tipoloxías mantéñense en liñas xerais en números moi similares aos do 2022.

Cómpre destacar que neste informe **desaparecen os asesoramentos relativos ao acompañamento**. Estes tiveron unha gran importancia dende o 2020 vencellados á emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19 pero xa no pasado informe confirmaban unha tendencia á baixa.



4.9 A LGTBIfobia


Ao longo destes doce meses o Observatorio rexistrou **48 incidentes de odio**, dos cales **43 poden ser considerados como agresións** cara a comunidade LGTBI+ galega. Tal e como se aclarou na metodoloxía deste informe, son consideradas agresións os incidentes de odio de tipo verbal, físico e verbal, acoso e agresión sexual; polo que quedan exentos da clasificación de agresións os incidentes vencellados a danos cara o patrimonio e a denegación de servizos. Por segundo ano consecutivo, o número de incidentes de odio rexistrados polo servizo diminúe, mais estes teñen cada ano **un maior compoñente violento cara á comunidade LGTBI+ galega**. Se no pasado informe a diferenza entre os incidentes e as agresión era de 10 casos, neste 2023 redúcese á metade.



Atendendo á tipoloxía dos mesmos, a violencia máis frecuente á que se enfrenta a comunidade LGTBI+ de Galicia son os insultos que representan o 47,92% dos incidentes. Cun 29,17% atopamos as agresións físicas e verbais que aumentan sete puntos con respecto ás cifras do informe do 2022. Se no pasado informe os danos cara o patrimonio ocupaban o terceiro posto, seguidos moi de preto polo acoso, nesta nova edición do informe os segundos (10,42%) superan aos primeiros (8,33%).


Xa a grande distancia dos anteriores incidentes atopamos unha denegación de servizo e unha agresión sexual.

Eido dos incidentes



A violencia cara a comunidade LGTBI+ ten lugar en diferentes espazos que forman parte da vida cotiá de todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero. Cómpre destacar que, por cuarto informe consecutivo, a vía pública é o lugar onde se producen a meirande parte dos incidentes de odio. Os acontecidos no fogar, por segundo ano consecutivo, ocupan a segunda posición. En terceiro lugar atopamos un triplado empate entre os incidentes no eido educativo, en espazos de lecer e os sanitarios.

Ámbito xeográfico dos incidentes



Seguindo os criterios xeográficos explicados na metodoloxía deste informe, dos 48 incidentes rexistrados, un 31,25% tiveron como escenario a cidade da Coruña.


Sen contar os incidentes de odio acontecidos na urbe da Coruña e a súa comarca, o conxunto do territorio galego representa o 60,42% do total de incidentes rexistrados polo Observatorio. O que supón a volta deste ámbito xeográfico á cabeza desta clasificación no mapa do odio, resultado pouco sorprendente tendo en conta que este suma máis poboación e territorio que a segunda urbe da nosa comunidade autónoma.

A comarca da Coruña rexistrou un total de 2 incidentes fronte aos 4 do 2022. Nesta edición do informe os concellos de Cambre e Oleiros foron os escenarios destes incidentes.

Durante o 2023, o Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia rexistrou un incidente de odio na cidade de Valencia que foi derivado a Lambda, entidade valenciana pertencente á FELGTBI+.

Finalmente, o incidente no que non é posible identificar a localización, débese a que a persoa afectada elixiu non compartir este dato co equipo do Observatorio.

Ámbito xeográfico das agresións



No relativo ás agresións, a distribución é moi semellante á dos incidentes, xa que nesta edición do informe do Observatorio a diferenza entre incidentes e agresións é practicamente anecdótica.

Os comezos do ano 2023 estiveron marcados pola aprobación da Lei Estatal LGTBI (BOE, 2023), unha norma que amplía dereitos ao conxunto das realidades que conforman a nosa comunidade. Esta lei cubre un baleiro no tempo xa que dende 2005 coa modificación do Código Civil que posibilitou o matrimonio igualitario, en España non se lexislaba sobre os dereitos das persoas LGTBI+ no seu conxunto. A Lei 4/2023 é froito da negociación dende 2017 de tres actores clave: Chrysallis, Fundación Triángulo e a FELGTBI+ coa ampla maioría dos partidos con representación nas Cortes. Transcorrido máis dun ano dende a súa aprobación podemos afirmar con rotundidade que esta lei está a mellorar vidas grazas á consagración de dereitos como a autodeterminación ou a filiación directa das crianzas de mulleres lesbianas ou bisexuais non casadas, mais para que esta lexislación xere aínda un maior impacto nas vidas das persoas LGTBI+ cómpre que as comunidades autónomas lexislen dentro do seu marco competencial, especialmente no eido sanitario e educativo.

Galicia foi unha comunidade pioneira no 2014 na aprobación de normativa (DOG, 2014) garantindo dereitos básicos para as persoas LGTBI+, mais unha década despois este texto legal non está nin aplicado nin aliñado nin coa actual normativa estatal, nin coa europea (European Commission, 2020), xa que por exemplo, ambas consagran o dereito de autodeterminación, principio que non respecta a lei galega. Cómpre, por tanto, que o novo goberno galego modifique a actual lexislación autonómica para, como mínimo, adaptala aos estándares internacionais.

A sexta publicación deste informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia segue a ter como principal obxectivo facer unha radiografía da situación das persoas LGTBI+ en Galicia. Por segundo ano consecutivo observamos un descenso nos incidentes de odio rexistrados por este servizo, mais un ano máis, estes incidentes teñen unha compoñente de maior violencia. Unha novidade con respecto a publicacións anteriores é que un gran número destas agresións teñen como vítimas a persoas maiores da comunidade LGTBI+ e como agresoras a persoas de contornas moi próximas como os seus propios familiares ou a veciñanza.

Precisamente para poñer freo á LGTBIfobia, a FELGTBI+ asinou en marzo do 2023 xunto con máis dunha decena de organizacións sociais e sindicatos o Pacto Social fronte os discursos de odio (FELGTBI+, 2023) que aspira a converterse nun Pacto de Estado que elimine do discurso público calquera tipo de discriminación cara os colectivos máis vulnerables. Cómpre urxentemente aprobar este Pacto de Estado, xa que os discursos de odio son a antesala dos delitos de odio. Facelo da man de organizacións non LGTBI+ visibiliza as múltiples interseccionalidades, que son diana destes discursos de odio.

En Galicia, tanto dende diversos concellos como dende o goberno autonómico, estanse a publicar protocolos que buscan desterrar a violencia cara a comunidade LGTBI+ en locais de ocio nocturno. A priori, iniciativas moi loables senón fora porque non está a existir unha coordinación entre os municipios que están a elaborar e implementar ditos protocolos e o goberno autonómico que vén de publicar o seu propio (Consellería de Emprego e Igualdade, 2024). Precisamente, a Xunta de Galicia presume de ter contado co tecido asociativo (Xunta de Galicia, 2023) para o deseño e elaboración do seu protocolo, mais esta colaboración limitouse ao envío dun protocolo xa maquetado pola consultora encargada da súa elaboración, sobre o que as asociacións LGTBI+ puideron facer comentarios que, cando menos os achegados dende ALAS A Coruña, nunca foron tidos en conta na versión final publicada. A maiores, este Observatorio detecta dúas grandes eivas no protocolo publicado polo goberno autonómico. En primeiro lugar, é un documento que pretende dar resposta á violencia machista e á LGTBIfobia, mais non atende ás especificidades propias de cada unha destas violencias e esquece as interseccionalidades que atravesan ás mulleres LTBI+. En segundo lugar, á vista dos datos recollidos neste sexto informe, non é no ocio nocturno onde a poboación LGTBI+

sofre unha maior discriminación ou violencia, xa que os espazos de lecer ocupan o terceiro posto por eido nos incidentes de odio (4.9. A LGTBIfobia). Dende este Observatorio animamos ao goberno autonómico a actualizar os protocolos que atenden á diversidade LGTBI+ en espazos educativos, xa que moitos deles están caducos ou non se adaptan á lexislación actual e á creación deste tipo de documentos no eido sanitario, onde de xeito habitual as persoas LGTBI+ son vítimas da discriminación. A educación e a sanidade son precisamente as dúas grandes competencias das autonomías. É por isto que resulta difícil de comprender que se priorice atallar a violencia machista e LGTBIfóbica en recintos principalmente privados, e non en espazos de titularidade pública como hospitais, escolas, centros de saúde, etc., onde a Xunta de Galicia é realmente competente.

Malia que o servizo ten como finalidade a escoita, o asesoramento ás vítimas e o rexistro de delitos e incidentes de odio, os motivos que levan ás persoas a contactar co Observatorio non sempre están vencelladas ao propósito deste servizo. Entre os datos do 2023 compre salientar as atencións vencelladas á realización de probas rápidas de VIH e VHC, nas que se levan a cabo asesoramentos sobre saúde sexual, especialmente entre a comunidade universitaria por mor da sinatura dun convenio de colaboración (Universidade da Coruña, 2023) entre a Universidade da Coruña e ALAS A Coruña.

Ano tras ano o número de atencións medra e as persoas que solicitan os servizos do Observatorio residen nun maior número de concellos. Ao longo do 2023 o servizo detectou un aumento de case dous puntos con respecto ao 2022 nas atencións a persoas que teñen como lugar de residencia habitual concellos da comarca da Coruña.

Para dar resposta a estas demandas dunha maioría social, o Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia cre necesario poñer en marcha as seguintes medidas para facer de Galicia unha comunidade autónoma libre de LGTBIfobia:

- Os incidentes de odio recollidos neste quinto informe xunto cos recollidos nas edicións pasadas do mesmo, non fan máis que xustificar a necesidade de ampliar a sinatura de convenios de colaboración con institucións públicas e privadas para fortalecer este servizo, nomeadamente cos concellos da comarca da Coruña por mor do incremento de case dous puntos nas atencións a persoas residentes nestes municipios.
- Novamente debemos facer visible a importancia que tería impulsar o asociacionismo LGTBI+ nas provincias de Lugo e Ourense, onde os datos recollidos polo Observatorio non representan a realidade das persoas da nosa comunidade residentes neses territorios, especialmente nas áreas máis rurais.
- Por terceiro ano consecutivo, recalcamos a importancia de poñer en funcionamento recursos de acollida para vítimas da LGTBIfobia nas principais urbes galegas. A situación de senfogarismo nas persoas da comunidade LGTBI+ precisa de medidas específicas e urxentes para atallar este fenómeno, xa que, tal e como evidencia o estudo *Estado Socioeconómico LGTBI+ 2023* (FELGTBI+, 2023), un 2,3% das persoas LGTBI+ en España tivo que durmir, cando menos nunha ocasión, na rúa.
- Novamente solicitamos unha mellora na comunicación e formación dos corpos policiais, especialmente das policía municipais. Do mesmo xeito, tamén vemos imprescindible dotar de formación en DASXF ao persoal da administración de xustiza nun momento como o actual, trala aprobación da Lei Estatal LGTBI.
- Garantir o acceso de toda a cidadanía ás unidades de saúde mental dentro do Sistema Nacional de Saúde, independentemente do seu nivel de renda. Por cuarto ano consecutivo, o Observatorio ve preciso a integración de persoal especializado neste eido dentro da carteira de servizos que oferta ao conxunto da cidadanía.
- Posibilitar dende o Concello da Coruña o acceso ás formacións en DASXF a todos os centros educativos da cidade a través do plan municipal Coruña Educa, co fin de previr a LGTBIfobia e educar en dereitos humanos a toda a comunidade educativa.

- Actualizar o Protocolo de Identidade de Xénero da Xunta de Galicia, así como o I Plan de Actuacións para a Igualdade nos Centros Educativos de Galicia 2016-2020.
- Creación de protocolos contra a discriminación cara ás persoas LGTBI+ no eido sanitario.
- Actualizar a Lei 2/2014, dotala de partidas orzamentarias e reformulala incluíndo un capítulo sancionador adaptándoa á nova normativa estatal vixente.
- Reactivación de programas de inserción sociolaboral con bos resultados como Coruña Suma facilitando así a integración sociolaboral de persoas LGTBI+ en risco de exclusión social.
- Introducir a perspectiva LGTBI+ na contratación directa ou indirecta por parte das administracións públicas, obrigando nas cláusulas dos contratos á formación do persoal en materia de DASXF.



- BOE. (1 de marzo de 2023). *Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI*. Obtido de Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2023-5366>
- Consellería de Emprego e Igualdade. (01 de xaneiro de 2024). *Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBIfóbicas nos espazos de lecer nocturno*. Obtido o 10 de febreiro de 2024, de Xunta de Galicia: https://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/protocolo_actuacion_violencias_sexuais_e_lgbtifobicas_espazos_lecer_nocturno_gal.pdf
- DOG. (25 de abril de 2014). *LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*. Obtido o 28 de 12 de 2023, de Diario Oficial de Galicia: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140425/AnuncioC3B0-220414-0001_gl.html
- European Comission. (12 de novembro de 2020). *LGBTIQ Equality Strategy 2020-2025*. Obtido o 15 de febreiro de 2023, de [commission.europa.eu](https://commission.europa.eu/document/5100c375-87e8-40e3-85b5-1adc5f556d6d_en?prefLang=es): https://commission.europa.eu/document/5100c375-87e8-40e3-85b5-1adc5f556d6d_en?prefLang=es
- FELGTBI+. (novembro de 2023). *Estado socioeconómico LGTBI+. Estado LGTBI+ 2023*. Obtido o 20 de xaneiro de 2023, de FELGTBI+: https://felgtbi.org/wp-content/uploads/2023/11/Informe-Estado-socioeconomico_felgtbi.pdf
- FELGTBI+. (21 de marzo de 2023). *Las organizaciones civiles de DDHH y los sindicatos más representativos suscriben un Pacto Social contra los discursos de odio*. Obtido o 25 de 12 de 2023, de FELGTBI+: <https://felgtbi.org/blog/2023/03/21/las-organizaciones-civiles-de-ddhh-y-los-sindicatos-mas-representativos-suscriben-un-pacto-social-contralos-discursos-de-odio/>
- ILGA-Europe. (29 de febreiro de 2024). *Annual Review 2024*. Obtido o 3 de marzo de 2024, de [ilga-europe.com](https://www.ilga-europe.com): <https://www.ilga-europe.com/report/annual-review-2024/>
- Palomino, S. (28 de xuño de 2021). *Nada que celebrar: Colombia, México y Honduras registran el 89% de los ataques contra las personas LGTBI*. Obtido o 10 de febreiro de 2024, de El País: <https://elpais.com/sociedad/2021-06-28/nada-que-celebrar-colombia-mexico-y-honduras-registran-el-89-de-los-ataques-contralas-personas-lgbti.html>

Rodríguez Fernández, Ó., & Zas Varela, P. (abril de 2023). *Nin Vagas nin maleantes. Informe 2022 do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia*. Obtido o 28 de xaneiro de 2024, de corunasenodio.org: <https://corunasenodio.org/wp-content/uploads/2023/04/Informe-2022.pdf>

Universidade da Coruña. (03 de outubro de 2023). *Protocolo xeral de colaboración entre a Universidade da Coruña (UDC) e ALAS A Coruña*. Obtido o 20 de febreiro de 2024, de UDC.es: https://www.udc.es/export/sites/udc/cufie/ADI/LGTBIQ/colaboraciones/CONVENIO-FIRMADO-ALAS.pdf_2063069294.pdf

Vernon, W. (31 de xaneiro de 2023). *"Putin ha encontrado un nuevo chivo expiatorio": la nueva ofensiva del presidente ruso contra la comunidad LGTB*. Obtido o 01 de febreiro de 2024, de BBC News Mundo: <https://www.bbc.com/mundo/noticias-internacional-64418018>

Xunta de Galicia. (13 de decembro de 2023). *La Xunta remite el Protocolo contra las violencias en el ocio nocturno a los observatorios LGTBQ+ y de la violencia de género para que hagan las últimas aportaciones*. Obtido o 29 de xaneiro de 2024, de Xunta de Galicia: https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/85986/xunta-remite-protocolo-contra-violencias-ocio-nocturno-aos-observatorios-lgtbiq?langId=es_ES





